

## GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa da deputada **Da. M<sup>a</sup> Consuelo Martínez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de Lei, para o seu debate en Pleno**, relativa ás retribucións das deputadas e deputados, réxime fiscal e transparencia.

### Exposición de motivos:

O Artigo 10 do Regulamento do Parlamento de Galicia, establece que os deputados **percibirán unha asignación económica que lles permita cumprir eficaz e dignamente a súa función** e que **terán igualmente dereito ás indemnizacións e axudas de custo por gastos que sexan indispensables** para o cumprimento da súa función.

Na actual situación de crise económica xestionada polo ultraliberalismo en beneficio dunha exigua minoría fronte ao empobrecemento acelerado da inmensa maioría social, a dignidade á que se refire o Artigo 10.1 do RPG non pode ser a coartada para un modelo retributivo que escandaliza a moita da cidadanía. A reforma de 2013 aproximou o réxime fiscal de deputadas e deputados ao da cidadanía do común mais aínda dista moito da transparencia esixíbel aos servidores públicos.

A exención da necesidade de xustificación de gastos, pero sobre todo o total desvencello das percepcións económicas respecto do efectivo desempeño do traballo parlamentar, se o someteramos á opinión da xente do común seguro que non contaría coa aprobación da maioría social á que todas e todos dicimos servir.

A opacidade nas axudas de custo por gastos que non se precisan xustificar, é percibida pola cidadanía como un privilexio inaceptábel ademais de absolutamente inxusto para quen fai xornadas interminábeis fronte a deputadas e deputados que exercen só como brazos de pau votando o que lle sinala o seu xefe de filas.

Cun simple acordo da Mesa do Parlamento é posíbel establecer un réxime retributivo máis xusto, transparentar o uso dos fondos públicos e mesmo reducir custos suprimindo ou modificando contías que a xuízo desta deputada son indebidas ou desproporcionadas.

Se o exemplo do Parlamento Galego que deberá incluír á Presidencia e á Mesa do Parlamento, se estende a outras altas institucións da Comunidade Autónoma como o Consello Consultivo, etc; se se aplica dunha vez a Lei medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, aprobada no outono do 2011, gardada desde entón nunha gabela, e se reduce o consello de administración, e se se actúa tamén sobre os asesores da Xunta, o aforro resultaría unha cantidade importante que engadir ás insuficientes partidas orzamentarias adicadas ás moitas necesidades sociais. Ademais podería ser o comezo de o Parlamento e as institucións autonómicas acompañar á cidadanía no esforzo que o ultraliberalismo lle está a impoñer.

Polo exposto o Grupo Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

I.- Instar á Mesa do Parlamento:

1.- Á reforma do réxime económico dos membros do Parlamento para aplicala no vindeiro período de sesións e cos seguintes criterios:

- a) Vencellar a retribución ao desempeño efectivo do traballo.
- b) Modificar o réxime fiscal de xeito que a tributación abranga á totalidade da retribucións agás os gastos ou dietas xustificadas.
- c) Modificar a contía da **indemnizacións por gastos para o cumprimento da súa función, gastos de representación e gastos libre disposición** que nalgún caso chega a 4.136,54/mes.
- d) A contía da redución do custe das retribucións aos membros do Parlamento Galego, deberá ser ao menos do 18%.
- e) Vencellar a axuda de custe ao réxime de adicación.

2.- Facer públicas na web do Parlamento as nóminas de todos os membros do Parlamento Galego coa lóxica reserva dos datos sensíbeis como domicilio, NIF, etc.

II.- Instar á Xunta de Galicia a reducir ao menos nun 18% as percepcións económicas dos membros do Goberno e asesores; membros e asesores da alta dirección da comunidade autónoma, e Consello de Administración da CRTVG comezando pola redución dos seus membros pendente dende 2011.

Pazo do Parlamento a 04 de decembro de 2014

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada e vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia